



CATÁLOGO DE SERVIZOS FINANXEIROS

Coop57 é unha cooperativa de servizos financeiros éticos e solidarios, que traballa pola construción dunha economía ao servizo das persoas, onde o aforro de moitas persoas se converte en crédito transformador, que posibilita o desenvolvemento de proxectos que apostan por unha sociedade máis inclusiva e sustentable. A relación entre Coop57 e as súas socias baséase na confianza e o respecto mutuo.

Todos estes produtos non están suxeitos a comisións nin gastos de formalización, nin de cancelación anticipada. As entidades ás que se lles concede un préstamo, deben realizar unha achega adicional ao capital social da cooperativa: Fondo Solidario de Préstamos que serve para reforzar os fondos propios de Coop57. En ningún caso se trata dun gasto, senón que é considerado un activo para a entidade que o achega.

PRÉSTAMOS DE INVESTIMENTO

Son créditos para financiar proxectos e/ou investimentos en inmovilizado a medio e longo prazo. Trátase de préstamos que a entidade receptora necesita para realizar calquera tipo de investimento ou mellora na súa entidade, así como para empezar a camiñar.

- **Importe máximo: 500.000€**
- **Custo financeiro: 5,25%**
- **Prazo: mínimo 1 ano; máximo 10**
- **Posibilidade de carencia: 12 meses**
- **Posibilidade de reembolso anticipado**

PRÉSTAMOS DE TESOURARÍA

Produtos de financiamento de circulante orientados a facilitar operacións a curto prazo, para resolver necesidades de liquidez. Artéllanse en formato de préstamo a devolver en prazos.

- **Importe máximo: 500.000 €**
- **Custo financeiro: 5,25%**
- **Prazo: mínimo 1 ano; máximo 5**
- **Posibilidade de carencia: 12 meses**
- **Posibilidade de reembolso anticipado**

PÓLIZAS DE CRÉDITO

Produtos de financiamento de circulante orientados a facilitar operacións a curto prazo, para resolver necesidades de liquidez. Artéllase en formato de conta de crédito.

- **Importe máximo: 500.000€**
- **Custo financeiro: 5,25%**
- **Vixencia máxima da póliza: 12 meses**

ANTICIPOS DE SUBVENCÍONS, CONVENIOS E FACTURAS

Sen créditos para adiantar o importe de subvencións e convenios resolto ou facturas pendentes de cobro con organismos públicos para prestación de servizos.

- **Importe máximo: 500.000€**
- **Custo financeiro: 5,25% anual / 4,25% con cesión de crédito**
- **Financiamento entre 80%-90%**
- **Posibilidade de reembolso anticipado**
- **Devolución do importe no momento do cobro da subvención (máximo 12 meses)**

PRÉSTAMOS PARA LOCAIS DE ENTIDADES

Adquisición: produto para a adquisición ou posta en marcha de locais sociais propios de entidades socias de Coop57.

- **Importe máximo: 1.000.000€**
- **Custo financeiro: 4,65%**
- **Prazo: 15 anos máximo**
- **Posibilidade de carencia: 12 meses**
- **Posibilidade de reembolso anticipado**

Investimento: produto para realizar investimentos en locais de propiedade, cesión ou alugueiro de entidades socias de Coop57.

- **Importe máximo: 600.000€**
- **Custo financeiro: 4,25%**
- **Prazo: 10 anos máximo**
- **Posibilidade de carencia: 12 meses**
- **Posibilidade de reembolso anticipado**

PRÉSTAMOS DE VIVENDA

Produto para a promoción, compra ou rehabilitación de cooperativas de vivenda réxime de cesión de uso. As accións de financiamento de proxectos de vivenda desenvolvidas por Coop57 deben guiarse polos principios de propiedade colectiva, xestión cooperativa e fomento da intercooperación.

- **Importe máximo: 2.000.000 €**
- **Custo financeiro: 3,35 %**
- **Prazo: máximo 25 anos**
- **Financiamento ata 80% do total**
- **Posibilidade de carencia: 24 meses**
- **Posibilidade de reembolso anticipado**

PRÉSTAMOS PARA A TRANSICIÓN ENERXÉTICA

- **Importe máximo: 500.000€**
- **Posibilidade de reembolso anticipado**

Investimento: Son créditos para financiar proxectos e/ou investimentos relacionados coas enerxías renovables, a eficiencia enerxética e, en xeral, co impulso dun cambio de modelo enerxético.

- **Custo financeiro: 4,45%**
- **Prazo: mínimo 1 ano; máximo 10**
- **Posibilidade de carencia 12 meses**

CELs / Comunidades enerxéticas

locales: comunidades encamiñadas á autoprodución da enerxía, así como a loita contra a pobreza enerxéticas.

- **Custo financeiro: 4,55%**
- **3 subprodutos:**
- **Préstamos a curto prazo**
Prazo: 120 meses
Posibilidade de carencia: 14 meses
- **Anticipo de subvención**
Prazo: 20 meses
- **Préstamo de financiamento do IVE**
Prazo: 24 meses

PRÉSTAMOS PARA A CAPITALIZACIÓN DE COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS

Produto para financiar o desembolso das achegas ao capital social dos socios e socias de cooperativas e sociedades laborais, co obxectivo de aumentar os seus fondos propios e fortalecer a solidez financeira das entidades socias.

- **Importe mínimo: 2.000€**
- **Importe máximo: 10.000€**
- **Custo financeiro: 3,80%**
- **Prazo: máximo 5 anos**
- **Posibilidade de reembolso anticipado**
- **Sen posibilidade de carencia**

As condicións relativas ao custo financeiro son aprobadas anualmente polo Consello Reitor da cooperativa. As posibles reducións do xuro vai en función das garantías adicionais.

- Invest EU (-0,8 puntos)
- Convenio Ayto. Bcn (-0,5 puntos) / Convenio Seira (- 0,5 puntos)
- Elkargi y Avalis (- 1 punto)